

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CELEBRADA O VINTE E TRES DE XANEIRO DE DOUS MIL QUINCE.**

No Concello de Láncara, sendo as doce horas , do día vinte e tres de xaneiro de dous mil quince , reúnese no Salón de Sesiós a Xunta de Goberno Local, para tratar dos asuntos contidos na Orde do Día, coa asistencia dos Sres Concelleiros: D. José Manuel Neira Castro, D. Ricardo Núñez Valcárcel. e D.Carlos Fernández Díaz.

Preside a Sesión o Sr. Alcalde D. Eladio Capón López, e actúa como secretario o titular D. José López Castro.

Aberto o acto pola Presidencia dase conta dos seguintes asuntos:

**1º.-LECTURA E APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO BORRADOR DA  
ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DIA 15 DE XANEIRO DE 2015.**

**2º.-PERSOAL:**

**-ESCRITO DE Mª JESÚS LÓPEZ LOUREIRO, SOLICITANDO 6 DÍAS  
DE VACACIÓNS EN COMPENSACIÓN DE DÍAS TRABALADOS FORA DA  
XORNADA LABORAL.**

**3º.-PREGO DE CONDICIÓNNS TÉCNICAS PARA CONTRATACIÓN  
DA OBRA “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE ACCESOS OS  
NÚCLEOS RURAIS DE TRASLISTE,TOIRÁN,TOLDAOS, LANCARA  
ENTRE OUTROS DO CONCELLO DE LÁNCARA”.**

**4º.- CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL:  
TASAS AUTORIZACIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN DUN PONTE DE  
FORMIGÓN SOBRE O ARROIO DE POMBO, NA PARROQUIA DE  
TRASLISTE.**

**5º.-ALTAS DE VADOS.**

**6º.-NACHO MONTAXES E INSTALACIÓNNS ELECTRICAS:**

**PRESUPOSTO LU 7/15, PARA MODIFICACIÓN DE LINE DE  
FENOSA E ALUMEADO EN TRALISTE NO CAMPO DA FESTA.**

**7º.-TELEFÓNICA , INFORMACIÓN HOGAR 3G.**

**8º.-RESOLUCIÓN DO 15 DE DECEMBRO DE 2014, POLA QUE SE  
ESTABLECEN AS CONDICIÓNS PARA A ADHESIÓN AO SISTEMA  
PROMOVIDO POLA ADMINISTRACIÓN AUTÓNOMA PARA A XESTIÓN  
INSTITUCIONAL DOS RESÍDUOS DOMÉSTICOS.**

**9°.-TARXESTAS DE EXTACIONAMENTO PARA PERSOAS DISCAPACITADAS:**

**-JOSEFINA MARIA ISABEL VELOSO ESCUDERO.**

**-JOSE LÓPEZ VILLAR**

**-MANUEL RODRIGUEZ ARCA, EN REPRESENTACIÓN DA SÚA FILLA MARTA RODRÍGUEZ MOURELOS.**

**10°.-ESCRITOS DE ALVARO LÓPEZ RIBADA, EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RÍO NEIRA:**

**-SOBRE APORTACIÓN CUENTA BANCARIA, SOLICITADA POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

**-SOLICITANDO NOVA AXUDA DE 1.200,00 €, PARA ATASCO NA CANALIZACIÓN DOS BAIXOS DO EDIFICIO DE RIO NEIRA Nº 1, POBRA DE SAN XIAO.**

**11°.-ESCRITO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, SOBRE TRAMITACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS PARA OBRAS , INSTALACIÓNS E ACTIVIDADES NOS TRAMOS URBANOS (SUELO URBANO E NÚCLEO RURAL).**

**12°.-ESCRITO DE PRESIDENCIA, SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS, SOBRE SUBVENCIONES PARA A ADQUISICIÓN E INSTALACIÓN DE RECEPTORES DA TELEVISIÓN DIXITAL TERRESTRE A TRAVÉS DA SOLUCIÓN SATELITAL SAT-TDT SAT.**

**13°.-INSTALACIÓN DE 46 LUMINARIA LED DE 32W EN VILLAESTEVA.**

**14°.-CONTA DE GASTOS:**

**FACTURAS PEDENTES 2014.**

**1º.-LECTURA E APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DIA 15 DE XANEIRO DE 2015.**

Visto o borrador da acta da sesión celebrada o día quince de xaneiro dous mil quince , este foi aprobado por unanimidade de tódolos asistentes.

**2º.-PERSOAL:**

**-ESCRITO DE Mª JESÚS LÓPEZ LOUREIRO, SOLICITANDO 6 DÍAS DE VACACIÓNS EN COMPENSACIÓN DE DÍAS TRABALLADOS FORA DA XORNADA LABORAL.**

Visto o escrito presentado por Dª Mª Jesús López Loureiro, no que pon de manifesto que solcita os días 22,23,26,27,28 e 29 de xaneiro de 2015, 6 días de vacacións, por días traballados fora do horario laboral nas Oficinas do Concello.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

**ACORDOU:**

Conceder a Dª Mª Jesús López Loureiro 6 días de vacacións, os días 22,23,26,27,28 e 29 de xaneiro.

**3º.-PREGO DE CONDICIÓNNS TÉCNICAS PARA CONTRATACIÓN DA OBRA “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE ACCESOS OS NÚCLEOS RURAIS DE TRASLISTE,TOIRÁN,TOLDAOS, LANCARA ENTRE OUTROS DO CONCELLO DE LÁNCARA”.**

Visto o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexeran para a contratación da obra: “acondicionamento e mellora de accesos os núcleos rurais de Trasliste,Toirán, Toldaos, Láncara entre outros do Concello de Láncara”.

Visto que as empresas: Gespa S.L.; Leal y Villamor S.L.; Hermanos Blanco Trigo e Obras e Viales Bascuas, teñen capacidade para a execución de dita obra, ao contar con medios materias e persoais suficientes.

Visto que cando se publique no perfil do contratante este Prego as empresas que se consideren con capacidade, poderan presentar igualmente proposta para facer a obra.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

**ACORDOU:**

1º.-Prestar aprobación ao Prego de cláusulas administrativas para a execución da obra : “acondicionamento e mellora de accesos os núcleos rurais de Trasliste,Toirán, Toldaos, Láncara entre outros do Concello de Láncara”.

2º.-Publicar o prego no B.O.P, no perfil do contratante e no taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de 10 días.

3º.-Facer invitación formal as empresas: Gespa S.L.; Leal y Villamor S.L.; Hermanos Blanco Trigo e Obras e Viales Bascuas.

4º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

**4º.- CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL:  
TASAS AUTORIZACIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN DUN PONTE DE  
FORMIGÓN SOBRE O ARROIO DE POMBO, NA PARROQUIA DE  
TRASLISTE.**

Vistas as taxas da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, por autorización para a construción dun ponte de formigón sobre o arroio de Pombo, na parroquia de Traslite, T.M. de Láncara, de 64,64 €.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Facer efectivo o pago de 64,64 €, taxa correspondente a “autorización para a construción dun Ponte de formigón sobre o arroio de Pombo, na parroquia de Traslite.

**5º.-ALTA DE VADOS.**

**SOLICITUDE DE D. DAVID LÓPEZ LÓPEZ, PARA RÚA RÍO NEIRA  
N 6 BAIXO, POBRA DE SAN XIAO.**

Vista a solicitude presentada por D. David López López , provisto do D. N.I. N° 33348019-G, pola que solicita un vado para a Rúa Río Neira N° 6, baixo F, Pobra de San Xiao, como arrendatario do mesmo.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Concederlle a D. David López López , un vado para o baixo F da Rúa Río Neira N° 6 , asignandolle o n° 37 .

2º.-Practicar a seguinte liquidación:

Vado: 7,21 € X 3 m = 21,63 €, segundo establece a ordenanza municipal vixente, cantidade que debe aboar nas anualidades sucesivas, mentras non se modifique a ordenanza.

Sinal de vado: 20,30 €

**Total.... 41,93 €**

3º.-O pago debe realizarse previamente a colocar o vado.

4º.-Remitir certificación deste acordo a D. José L. Varela Fernández.

**SATURNINO NEIRA LÓPEZ, PARA RÚA ROSALIA DE CASTRO**

Visto que no padrón do ano 2014, figura D. Saturnino Neira López, cun vado en Rúa Rosalía de Castro n° 15.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Comunicarlle a D. Saturnino Neira López, que o vado correspondente a Rúa Rosalía de Castro n° 15 xa está incluído no padrón do ano 2014, asignandolle o n° 38

2º.-Practicar a seguinte liquidación:

Vado: 7,21 € X 3 m = 21,63 €, segundo establece a ordenanza municipal vixente, cantidade que debe aboar nas anualidades sucesivas, mentras non se modifique a ordenanza.

Sinal de vado: 20,30 €

**Total.... 41,93 €**

3º.-O pago debe realizarse previamente a colocar o vado.

4º.-Remitir certificación deste acordo a D. José L. Varela Fernández.

#### **6º.-NACHO MONTAXES E INSTALACIÓNS ELECTRICAS:**

##### **PRESUPOSTO LU 7/15, PARA MODIFICACIÓN DE LINE DE FENOSA E ALUMEADO EN TRALISTE NO CAMPO DA FESTA.**

Visto o acordo tomado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 15 de xaneiro de 2015.

Visto o novo presuposto presentado por Nacho Montaxes e Instalacións Electricas, nº 7/15, por importe de 507,98 €.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

**ACORDOU:**

Prestar aprobación o presuposto Lu 07/15, de Nacho montaxes e instalacións electricas, para modificación de linea de fenosa e alumeado en Trasliste, Campo da Festa, por importe de 507,98 €, con suxeición ao plano que obra no expediente.

#### **7º.-TELEFÓNICA , INFORMACIÓN HOGAR 3G.**

Vista a oferta de Telefónica sobre servizo Hogar 3G:

-Conexión a Internet, con Banda Ancha de Hasta 10 Mb

-Router Wifi para que accedan todos os equipos de tu hogar.

-Tarifa plana para tus llamadas a fijos nacionales”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

**ACORDOU:**

Remitir un bando os pedaneos para informar a tódolos veciños das ofertas de Telefónica, para teléfono e Internet.

#### **8º.-RESOLUCIÓN DO 15 DE DECEMBRO DE 2014, POLA QUE SE ESTABLECEN AS CONDICIÓNS PARA A ADHESIÓN AO SISTEMA PROMOVIDO POLA ADMINISTRACIÓN AUTÓNOMA PARA A XESTIÓN INSTITUCIONAL DOS RESÍDUOS DOMÉSTICOS.**

Vista a resolución do 15 de decembro de 2014 pola que se establecen as condicións para a adhesión ao sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional dos residuos domésticos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

**ACORDOU:**

Deixar o asuntos sobre a mesa para mellor estudo

**9º.-TARXESTAS DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS DISCAPACITADAS:**

**-JOSEFINA MARIA ISABEL VELOSO ESCUDERO.**

Vista a solicitude presentada por D<sup>a</sup> Josefina M<sup>a</sup> Isabel Veloso Escudero, para renovación da tarxete de estacionamento para persoas discapacitadas.

Visto que a día de oxe non é veciña deste Concello.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

**ACORDOU:**

Comunicar a D<sup>a</sup> Josefina Maria Isabel Veloso Escudero que debe pedir a tarxeta en Lugo donde ten a súa residencia, segundo baixa do padrón de Láncara.

**-JOSE LÓPEZ VILLAR**

Vista a solicitude presentada por D<sup>a</sup> Josefina M<sup>a</sup> Isabel Veloso Escudero, en representación do seu esposo D. José López Villa.

Visto que D. José López Villar, figura empadroado no Campo da Feira N<sup>o</sup> 26, Pobra de San Xiao.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

**ACORDOU:**

Renovar a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía a D. José López Villar, debendo traer unha fotografía tamaño D.N.I., para a tarxeta.

**-MANUEL RODRIGUEZ ARCA, EN REPRESENTACIÓN DA SÚA FILLA MARTA RODRÍGUEZ MOURELOS.**

Vista a solicitude presentada por D. Manuel Rodríguez Arca, en representación da súa filla Marta Rodríguez Mourelo.

Visto o dictamen técnico facultativo sobre o grado de discapacidade global do 77,00%.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

**ACORDOU:**

Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía a D<sup>a</sup> Marta Rodríguez Mourelo, debendo traer unha fotografía tamaño, para a tarxeta, utilizando o vehículo para desprazamentos da discapacitada.

**10°.-ESCRITOS DE ALVARO LÓPEZ RIBADA, EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RÍO NEIRA:**

**-SOBRE APORTACIÓN CUENTA BANCARIA, SOLICITADA POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

Visto o acordo tomado pola Xunta de Goberno Local, polo que se concedeu unha subvención de 660,00 €

Vista a certificación do Banco Pastor.S.A.U., na que figura o número de conta.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Facer o ingreso de 660,00 €, na conta do Banco Pastor S.A.U.

**-SOLICITANDO NOVA AXUDA DE 1.200,00 €, PARA ATASCO NA CANALIZACIÓN DOS BAIXOS DO EDIFICIO DE RIO NEIRA Nº 1, POBRA DE SAN XIAO.**

Visto o escrito de D. Álvaro López Ribada, polo que solicita:

“Que teniendo por presentado este escrito se tenga en cuenta los gastos ocasionados a la C.P. Rio Neira Nº 4 por los continuos atascos inundaciones y obras realizadas hasta descubrir los defectos de obra al realizar la red de saneamiento, cuasante de los problemas por lo que solicito . una indemnización de MIL DOSCIENTOS EUROS (1.200 €) a mayores de la valoración por importe de 600 € ya acordado, para sufragar en parte los gastos ocasionados por las obras defectuosas”.

Visto o acordo tomado pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o día sete de febreiro de dous mil catorce.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Considerar o asunto resolto en base ao acordo tomado por esta Xunta de Goberno Local, e os informes dos técnico municipais.

**11°.-ESCRITO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, SOBRE TRAMITACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS PARA OBRAS , INSTALACIÓNS E ACTIVIDADES NOS TRAMOS URBANOS (SUELO URBANO E NÚCLEO RURAL).**

Visto o artigo 7 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece que:”Para os efectos desta lei, considéranse treito urbano dunha estrada aquel que discorre polo solo clasificado polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico como urbano ou de núcleo rural cando, neste último caso, conte con aliñacións marcadas no antedito instrumento e aquel fose sometido a informe favorable, conforme esta lei, pola administración titular da estrada”.

E visto o artigo 47.2, parágrafo 2º da mesma lei, establece que: “No caso de obras, instalacións ou actividades, non executadas pola administración titular da estrada, na parte da zona de dominio público dos treitos urbanos distinta das calzadas e das súas beiravías, as anteditas autorización serán outorgadas polos concellos, logo do informe vinculante da administración titular da estrada. Este informe será tamén preciso no caso de obras que vaia realizar o propio concello”.

En consecuencia, a autorización neste suposto correspóndelle ó concello e este servizo provincial actuará da seguinte forma:

No caso no que o interesado presenta a solicitude neste servizo, emitírase o correspondente informe vinculante que se remitirá ó concello xunto co expediente para a súa resolución, e darase conta o administrado do seu traslado.

No caso no que a solicitude se presente no concello este deberá solicitar a este servizo o informe vinculante. Xunto coa solicitude acompañarase unha copia do expediente.

No caso de autorización de obras, instalacións ou actividades, en treito urbano, fóra do dominio público viario este servizo non ten competencias, polo que de presentarse a solicitude perante este servizo darase traslado dela ao concello comunicándolle ao intereado o devandito traslado.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Darse por enterada da comunicación feita pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, Axencia Galega de Infraestructuras.

2º.-Dar traslado deste escrito a Aparelladora Municipal, para o seu coñecemento.

3º.-Ter en conta esta comunicación nos expedientes de licitación das obras nestas zonas.

**12º.-ESCRITO DE PRESIDENCIA, SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS, SOBRE SUBVENCIONES PARA A ADQUISICIÓN E INSTALACIÓN DE RECEPTORES DA TELEVISIÓN DIXITAL TERRESTRE A TRAVÉS DA SOLUCIÓN SATELITAL SAT-TDT SAT.**

Visto o escrito da Secretaría Xeral de Medios, no que pon de manifestos que se asinou o convenio específico entre a Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución, seguimento e avaliación das actuacións incluídas nos plans de zona das súas zonas rurais, entre os anos 2012 e 2015, en zonas a revitalizar, nas que se inclúe o Concello de Láncara, consistentes en subvencións para a adquisición e instalación de equipamentos de recepción satelital para dispoñer do servizo de televisión dixital terrestre.

A Secretaría Xeral de Medios establece unha liña de axudas (DOG nº 247 do 26 /12/2014), dirixidas a cidadáns, e residentes en zonas de sombra da TDT, para a adquisición e instalación de receptores da televisión dixital terrestre a través da solución satelital Sat-TDT.

Para a presentación das solicitudes, os interesados deberán dirixirse a calquera das entidades colaboradoras.

Visto que no Concello existen puntos negros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,



**ACORDOU:**

Ver os puntos negros que existen no Concello e informar os veciños, para que poidan acollerse a subvención:

-San Vicente de Carracedo.

-As Cortes.

-Supena.

-Vilarello.

-Pobra de San Xiao, zona próxima ao Cartel da Garda Civil.

**13°.-INSTALACIÓN DE 46 LUMINARIAS LED DE 32W EN VILLAESTEVA.**

Visto que por parte da empresa Efigal Norte se presenta un presuposto para troco de 46 luminarias Led de 32 W, en Villaesteva de 4.591,95 € (3.795,00 + 796,95 IVE)

Visto o contrato suscrito por Eladio Capón López Alcalde-Presidente do Concello e Domingo Antonio González representante legal da Entidade Mercantil EFIGAL NORTE SL.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

**ACORDOU:**

1°.-Prestar aprobación ao convenio suscrito entre o Concello de Láncara e Efigal Norte SL , para colocación de luminarias Led en Villaesteva.

2°.- Facultar ao Sr. Alcalde para asignar o contrato.

**14°.-CONTA DE GASTOS:**

**FACTURAS PENDINGES 2014.**

1°.-A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acordou ratificar a resolución de data 30-12-14 e prestar aprobación as seguintes facturas ó consideralas totalmente correctas:

**FACTURAS PENDINGES 2014:**

Nome	CIF/NIF	Nº fac. partida	Descrición	Importe
Limpergal S.L.	B27141159	Fac: 37985; P:920.221	Limpeza,concello,polifuncional, etc, decembro	726,00
Arturo Rivera Díaz	34220067T	Fac: 358;P:324.221	Materiais para obradoiro de emprego	233,10
Arturo Rivera Díaz	34220067T	Fac: 359;P:165.210	Materiais para servizos praia fluvial	70,00
Arturo Rivera Díaz	34220067T	Fac: 360;P:161.210	Materiais para avaria Rúa Valdriz	49,05
Arturo Rivera Díaz	34220067T	Fac: 361;P:920.220	Vestuario persoal colaboración social	53,35
Arturo Rivera Díaz	34220067T	Fac: 362;P:161.210	Materias avaria en Cubeiro-Oleiros e Os Baos	153,20
Arturo Rivera Díaz	34220067T	Fac: 363;P:161.210	Materias para avaria en Oleiros	44,66
Arturo Rivera Díaz	34220067T	Fac: 364;P:161.221	Cadena e Grillete recto	22,60

Inversiones Ancares S.L.	B27256312	Fac:SCL 02; P:161.210	Plaqueta e azulexo, servizos praza	534,52
Iván Taboada Prego	47356147K	Fac:14080;P:161.210	Análisis agua potable	260,00
Sarriauto, S.L.	B27018688	Fac:20141004P: 920.221	Reparación berlingo 1086GGY	401,78
Sarriauto, S.L.	B27018688	Fac:20141025; P:920.221	Reparación berlingo 1086GGY	514,96
Droga Conde,S.	A15023856	Fac:146297;P:161.210	Hipoclorito sódico	453,75
Walter Vázquez Doval	33346400B	Fac:23;P:324.221	Materiais para servizos na praza	1857,35
Würth	A08472276	Fac:1251944; P:341.221	Ventosas para cemiterio municipal	317,87
Ultramic S.L.	B15356553	Fac:141636;P: 170.221	Recollida e tratamento materiais punto limpio	2220,77
Juan C. Brea Méndez	76576776R	Fac:307;P:341.212	Materiais e traballo servizos praza.	2106,12
Reboleira S.L.:	B27014505	Fac:09-42;P:337.221	Excursión maiores ano 2014	2.392,50

2º.-A Xunta de Goberno acorda incluír na conta 413 as seguintes facturas correspondente ao exercicio 2014, pero que entraron no rexistro do Concello dende o 01-01-2015 ata esta data.

Servital, servizos sociosanitarios SL	B27348614	Fac:1/4270; cuenta: 413	Servizos axuda a domicilio decembro, libre concurrencia	375,76
Servital, servizos sociosanitarios SL	B27348614	Fac:1/4271; cuenta:413	Servizos axuda a domicilio decembro, dependencia	2851,35
JF mantenimentos mecánicos ,SL	B27758192	Fac:00000211; cuenta 413	Balbula para bombeo de Touville	86,39
JF mantenimentos mecánicos ,SL	B27758192	Fac:00000212; cuenta 413	Mantemento bimensual bombeo Puebla,Láncara e Touville	797,39
Comunicaciones Callwomen 3000 S.L.	B73455651	Fac.:55064; cuenta 413	Boligrafos campaña Nadal	457,38
Eusebio Loureiro Martínez	33839240F	Fac.:E/20, cuenta 413	Traballos estrada A Lama casa Marón	275,88
Eusebio Loureiro Martínez	33839240F	Fac.:E/21, cuenta 413	Traballos Villádiga camiño dos depósitos	551,76
Radio Popular S.A (cope Lugo)	A28281368	Fac.: 028-02-000905 Cuenta 413	Cope Lugo, cadena 100, mes de decembro	151,25
Cepsa Card,SA	A80349590	Fac.:196048 cuenta 413	Gasoleo vehículos Concello	229,66
Farmacia Curz Blanco Berta	71155866F	FAc:85437 cuenta 413	Suplido o Secretario (60% 4,37)	2,62
Sogama	A15379803	Fac.:3459, cuenta 413	Tratamento RU mes de decembro	7781,82
Manuel Fco. Fraga Iglesias	32826296Y	Fac.:56, cuenta 413	Espectaculo "A Maxia do Nadal"	700,00

Matri. construción Villafiz CB	E27320332	Fac.:42 , cuenta 413	Cemento e tubos sumidoiro praza	43,94
Matri. construción Villafiz CB	E27320332	Fac.:42 , cuenta 413	Tubos obra Campo da Feira	133,10
Matri. construción Villafiz CB	E27320332	Fac.:48 , cuenta 413	Silex negro e cemento para obradoiro emprego	28,70
Matri. construción Villafiz CB	E27320332	Fac.:45 , cuenta 413	Cemento,area,grava, obradoiro de emprego	411,93
Matri. construción Villafiz CB	E27320332	Fac.:62 , cuenta 413	Materias para polifuncional, camiño de soto de Lama, etc	115,93

**FORA DA ORDE DO DÍA E PREVIA DECLARACIÓN DE URXENCIA, ADOPTARONSE OS SEGUINTE ACORDOS:**

**ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CC.AA. DE GALICIA E ECOVIDRIO.**

Visto o convenio epigrafiado ao que este Concello está adherido, polo que se cedía a Ecovidrio a realización da recollida de residuos de envases de vidro durante o prazo de vixencia do presente Convenio.

Visto que este Concello ata finais do 2014 os contadores de vidro os recollia a empresa Lulosa de Sarria.

Visto que durante o mes de xaneiro, segundo se informa por parte dos Concelleiros se chama a esta empresa sin que a mesma recolla o vidro.

Visto que é necesario que o vidro se retiren dos contadores conado estas esten cheos ou casi cheos, xa que en caso contrario quedan depositados na vía pública, o que supón posibles riscos tanto medio ambientais como físicos.

Visto que a empresa Sotrega S.L está desposta e interesada en facer a recollida do vidro deste Concello.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

**ACORDOU:**

1º.-Concertar coa empresa Sotrega S.L. a recollida de envases de vidro, con efectos o1-01-2015, cedendo a esta empresa a delegación de fluxos económicos sobre o convenio previstos como financiación do servizo.

2º.-Remitir certificación deste acordo a empresa Lulosa e Ecovidrio.

E non habendo máis asuntos que tratar dáse por rematada a sesión por orde do Sr. Alcalde, sendo as trece horas quince minutos, estendéndose a presente acta que como Secretario, certifico.

